

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. expediente: 15/0018/2023

Examinada a solicitude achegada o 05-06-2023 por don Manuel Vázquez Faraldo, en nome e representación da entidade Concello de Miño (NIF núm. P1504900J) xunto co Concello de Cabanas e Concello de Pontedeume, coa finalidade de obter unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "ARTABROEMPRENDE IV", emítese esta resolución tendo en conta os seguintes

FEITOS

Primeiro.

Con data do 05-06-2023, e dentro do prazo establecido para este efecto, don Manuel Vázquez Faraldo, en nome e representación da entidade Concello de Miño achega unha solicitude de subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "ARTABROEMPRENDE IV". Xunto coa devandita solicitude, achégase a documentación esixida para os proxectos de obradoiro de emprego pola Orde do 21 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023).

Segundo.

O día 07-09-2023 tivo lugar a sesión da Comisión Central de Valoración que avalía as solicitudes de subvencións para a posta en funcionamento de proxectos de obradoiros duais de emprego, segundo o establecido no artigo 23 da antedita orde.

Terceiro.

Con data do 28-09-2023, o Servizo de Formación para o Emprego e Orientación da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na Coruña, emitiu a correspondente proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 26 da referida orde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.

A competencia para ditar a presente resolución vén dada polo disposto no artigo 26 en relación coa disposición adicional segunda da Orde do 21 de abril de 2023 xa referida.

Segundo.

Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola normativa que a continuación se relaciona:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003).
- Orde do 21 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023).

Terceiro.

A entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos pola citada orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 21 de abril de 2023.

Cuarto.

Tendo en consideración os criterios de valoración previstos no artigo 24 da referida orde, a documentación que integra o expediente, a tipoloxía e características do proxecto examinado así como a puntuación e o contido do



informe técnico emitido polo respectivo xefe territorial, xunto coas disponibilidades orzamentarias e a súa distribución territorial, outorgouse ao proxecto examinado unha puntuación de 31,17 puntos, polo que a Comisión Central de Valoración informou favorablemente a concesión á devandita entidade dunha subvención polo importe de Cincocentos trinta e un mil corenta e seis euros con vinte céntimos de euro (531.046,20 euros) coa referida finalidade, para 20 alumnos/as-traballadores/as, e cunha duración de 12 meses e 12.000,00 euros para incentivos á contratación. Á vista do anterior, o Servizo de Formación para o Emprego e Orientación desta xefatura territorial emitiu a proposta de resolución favorable á concesión da referida subvención.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este xefe territorial,

RESOLVE:

Primeiro.- Outorgar unha subvención ao Concello de Miño xunto co Concello de Cabanas e Concello de Pontedeume, polo importe de Cincocentos trinta e un mil corenta e seis euros con vinte céntimos de euro (531.046,20 euros), con cargo ao orzamento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego **denominado "ARTABROEMPRENDE IV" para 20 alumnos/as traballadores/as**, distribuídos nas especialidades formativas segundo o detalle que figura no anexo a esta resolución.

Así mesmo concédeselle 12.000,00 euros para incentivos á contratación laboral segundo figura no anexo a esta resolución.

Segundo.- Autorizar como obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto:

- 1.- A Fraga do Xarío cara o Camiño Inglés (Miño)
- 2.- Recuperación da plantación en Gallamonde (Miño)
- 3.- Espazo forestal en Gallamonde (Miño).
- 4.- Espazo forestal do Camiño Inglés en Costa Miño (Miño)
- 5.- Camiño forestal en Ponte do Porco (Miño).
- 6.- Camiño forestal en Santa Uxía (Miño)
- 7.- Camiño forestal en Ansimonde (Miño)
- 8.- Camiño forestal na Barrosa (Miño)
- 9.- Camiño forestal en Bra (Miño)
- 10.- Camiño a Vilar en os Chapizos (Pontedeume)
- 11.- Rúa A Calexa de Pontedeume
- 12.- Lavadoiro Chao Ombre (Pontedeume)
- 13.- Fonte pública en estación FFCC (Pontedeume)
- 14.- Ruta peonil a Breamo (Pontedeume)
- 15.- Ruta peonil ao castelo de Andrade (Pontedeume)
- 16.- Área recreativa ermida de Breamo (Pontedeume)
- 17.- Área recreativa castelo de Andrade (Pontedeume)
- 18.- Cemiterio de Breamo (Pontedeume)
- 19.- Parque urbanización Olmo (Pontedeume)
- 20.- Avda de Castelao (Pontedeume)
- 21.- Parcela depósitos Avda. Castelao (Pontedeume)



- 22.- Paseo e contorna da praia da Magdalena (Cabanas)
- 23.- Zona do pantalan do día oito, prais de fabal e río Eume (Cabanas)
- 24.- Escola laica (Cabanas)
- 25.- Parque municipal do Areal (Cabanas)
- 26.- Parque das Idades (Miño)
- 27.- Área de descanso do Camiño inglés en Costa Miño (Miño)
- 28.- Alcorques avdas principais de Costa Miño e rúas interiores (Miño)
- 29.- Contorna das pistas deportivas da Galea (Miño)
- 30.- Actualización dos axardinamentos da rúa Xarel (Miño)
- 31.- Parque Alcalde sarmiento (Pontedeume)
- 32.- Paseo marítimo (Pontedeume)
- 33.- Xardíns de Lombardero (Pontedeume)

Terceiro.- Esta resolución non exime á entidade beneficiaria desta subvención de obter as autorizacións administrativas que resulten necesarias para a execución das obras obxecto de actuación.

Cuarto.- Declarar que o importe da subvención ten o carácter de estimado, e as cantidades efectivas a aboar na fase do proxecto, estará en función da contía do salario mínimo interprofesional e das cotas patronais á Seguridade Social, vixentes cada ano, así como do número de alumnos/as-traballadores/as que participen no proxecto.

Quinto.- O aboamento das cantidades a subvencionar nos seguintes exercicios orzamentarios queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia nos respectivos exercicios.

Sexto.- Notifíquese este acto ao/á solicitante, informándolle que:

a) Para os efectos de difusión pública, e seguindo as previsións contidas na normativa aplicable, deberá identificar convenientemente as actividades, obras e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de vallas, carteis ou paneis que, colocados en lugar visible.

b) Queda sometida ao cumprimento das obrigas establecidas pola regulamentación antes citada e pola normativa de seguridade e saúde no traballo, ás actuacións de comprobación e control previstas na lexislación de réxime financeiro e orzamentario en relación coa subvención concedida, e ás que poida efectuar a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada perante o órgano xurisdiccional competente da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con anterioridade á interposición do devandito recurso contencioso-administrativo, poderá interpor potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou este acto administrativo de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todo o anterior é sen prexuízo de que poida facer uso do requirimento previo ao que alude o artigo 44 da dita Lei 29/1998 ou de interpoñer aqueles outros recursos que estime oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses.

O xefe territorial



ANEXO Á RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. de expediente: 15/0018/2023

Denominación do obradoiro de emprego: ARTABROEMPRENDE IV

Entidade promotora: Concello de Miño xunto co Concello de Cabanas e Concello de Pontedeume.

Aplicación orzamentaria: 11.50.322A.460.2 e 11.50.322A.460.1

1.- Subvención concedida: Cincocentos trinta e un mil corenta e seis euros con vinte céntimos de euro (531.046,20 euros).

1.1.-Subvención por anualidades:

| Anualidade | Importe |
|------------|--------------|
| 2023 | 185.866,17 € |
| 2024 | 345.180,03 € |

1.2.- Subvención para gastos de formación e funcionamento:

| Datas previstas | | Núm. alumnos/as-traballadores | Núm. horas | Importe módulo A | Importe módulo B | Total |
|-----------------|------------|-------------------------------|------------|------------------|------------------|--------------|
| Inicio | Remate | | | | | |
| 06-11-2023 | 05-11-2024 | 20 | 1.920 | 150.144,00 € | 42.240,00 € | 192.384,00 € |

1.3.- Subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes:

| Núm.contratos | Total |
|---------------|--------------|
| 20 | 338.662,20 € |

1.4. Subvención para incentivos á contratación laboral:

| Datas previstas | | Número contratos | Importe subvención |
|-----------------|------------|------------------|--------------------|
| Inicio | Remate | | |
| 20-11-2024 | 19-02-2025 | 8 | 12.000,00 |

2.- Número de alumnos/as-traballadores/as especialidades:

| Código | Especialidade | Núm. Alumnos/as-traballadores/as |
|----------|--|----------------------------------|
| AGAO0208 | INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES | 10 |
| AGAR0309 | ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES | 10 |

O xefe territorial

